

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO «XERACIÓN DE CARTOGRAFÍA DE RISCO DO COVID19 NOS ESPAZOS URBANOS E RURAIS DE GALICIA»***

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto «Xeración de cartografía de risco do COVID19 nos espazos urbanos e rurais de Galicia».

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Organización Mundial da Saúde, o pasado 11 de marzo, declarou que a pandemia do COVID-19 supón unha emerxencia sanitaria de carácter global. Ante esta situación de emerxencia o Goberno adoptou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
2. Que ante esta situación de emerxencia de saúde pública, cómpre reforzar a investigación o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, a través da inversión



de fondos públicos mediante axudas destinadas a cubrir o investimento en produtos e servizos necesarios para fomentar as capacidades de resposta á crise nos servizos de atención sanitaria.

3. Que GAIN, no contexto da emerxencia sanitaria actual provocada pola pandemia do COVID-19 publicou o día 20 de marzo de 2020 unha chamada para identificar as capacidades do Sistema Galego de Innovación na loita contra o novo coronavirus.
4. Que a Universidade de Santiago de Compostela presentou a GAIN con data 27/03/2020 unha manifestación de interese para a realización do proxecto «xeración de cartografía de risco do COVID19 nos espazos urbanos e rurais de Galicia» que ten un custo de 71.174,00 € e un período de execución de 9 meses.
5. Que GAIN procedeu a realizar unha selección previa das propostas recibidas e aqueles proxectos que se consideraron mais axustados ao chamamento realizado, foron sometidos a avaliación por parte de axentes especializados alleos ao sistema galego de I+D+i, resultando que a proposta formulada pola USC acadou unha valoración satisfactoria que aconsella o seu financiamento.
6. As axudas do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte da Universidade de Santiago de Compostela a disposición e de uso xeral, sen que supoña beneficio para a devandita universidade e que cumpre os requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco Comunitario sobre Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (DOUE C198, de 27 de xuño de 2014).
7. Que a situación de emerxencia derivada da evolución da pandemia do coronavirus COVID-19 fai necesario actuar con rapidez para impulsar aquelas propostas que poidan ser transferibles ás autoridades sanitarias ou a outros ámbitos, como



a industria, o comercio, as forzas e corpos de seguridade do estado ou os servizos sociais non asistenciais.

8. As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 71,174,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.744.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2020.

